



centro
dramático
galego

SALONTEATRO

Programación

xan. / feb. _2012

T E A T R O

C I N E

D A N Z A

AGADIC



Axencia Galega das
Indústrias Culturais

gálicia



XUNTA
DE GALICIA

Programación

xan. / feb. 2012

T E A T R O

C I N E

D A N Z A

XANEIRO

Teatro – Estrea

Tokio3

VOADORA

Venres 13 ás 21.00 horas
e sábado 14 ás 20.30 horas

Cine

Pa Negre

Luns 16 ás 20.30 horas

Teatro

Sempre quixen bailar un tango

TEATRO GALILEO

Venres 20 e sábado 21 ás 20.30 horas

Teatro

Pelos na lingua

TALÍA TEATRO

Sábado 28 ás 20.30 horas
e domingo 29 ás 18.00 horas

FEBREIRO

Teatro

Volpone

Venres 3 e sábado 4 ás 20.30 horas

Cine

Conversa cunha muller morta

Mércores 8 ás 20.30 horas

Danza contemporánea

Usted está aquí

LICENCIADA SOTELO E COMPAÑÍA

Venres 10 e sábado 11 ás 20.30 horas

Teatro

Paper Dolls. O silencio das damas

INVERSA TEATRO

Venres 17 e sábado 18 ás 20.30 horas



VOADORA

Tokio3

Teatro – Estrea

Tokio3

VOADORA

Venres 13 ás 21.00 horas e sábado 14 de xaneiro ás 20.30 horas

Dirección e dramaturxia: Marta Pazos

Elenco: Jose Díaz, Borja Fernández, Uxía P. Vaello, Marta Pazos, Hugo Torres e Sergio Zearreta

Textos: Voadora

Música orixinal: Jose Díaz e Hugo Torres

Espazo escénico: Marta Pazos

Iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Uxía P. Vaello

Maquillaxe: Fany Bell

Coreografía: Uxía P. Vaello

Sonoplastia: David Rodríguez

Axudante de dirección: Cátia Lopes

Apoio na dramaturxia: Marina Wainer e Anabell Gago

Deseño e fotografía: Sara Pazos

Producción: Jose Díaz

Distribución: Víctor L. Carbajales



Tokio3 é un relato épico e intimista sobre o que esperamos da vida. Sobre o que soñamos. Sobre o paraíso. E sobre como encaixa todo isto nunha sociedade onde o inmediato, o constante e o material deixa pouco espazo ao espiritual/emocional. Trátase dunha fábula sobre o paraíso natural que anhelamos e sobre o mundo artificial que nos espera. Un exercicio no que se debuxan as razóns do amor e se perfilan os motivos da esperanza.

Dante Alighieri, o Emperador Justiniano, Beatriz a guía no paraíso, Picarda Donatti, o Arlequín e San Bernardo protagonizan unha historia de amor que transita entre o máis puro realismo máxico e a crúa realidade da vida.

Tokio3 é a conclusión da triloxía *Lugares Comúns*. Este proxecto refírese aos espazos, reais e imaxinarios, que compartimos e como estes puntos de encontro inflúen na busca de identidade do individuo contemporáneo. A triloxía explora tres eixes temáticos diferentes (o fracaso, a memoria e o paraíso), relacionándoo coa perspectiva temporal (presente-pasado-futuro), e compartindo un mesmo proceso de creación baseado no diálogo intercultural entre un grupo de actores e un equipo artístico cunha mesma liña conceptual e estética.





Pa Neg

Cine

Pa Negre

Luns 16 de xaneiro ás 20.30 horas

Guión e dirrección: Agustí Villaronga



Presentación da versión orixinal subtitulada ao galego de Pa Negre, película vencedora dos Premios Goya 2011 e candidata española ao Oscar 2012 ao mellor filme de fala non inglesa

re

Nos duros anos da posguerra rural en Cataluña, Andreu, un neno que pertence ao bando dos perdedores, encontra no bosque os cadáveres dun home e o seu fillo. As autoridades queren cargarlle as mortes ao seu pai, pero el, para axudarlle, intenta descubrir quen son os auténticos responsables. Neste percorrido Andreu desenvolve unha conciencia moral fronte a un mundo de adultos alimentado polas mentiras. Para sobrevivir, traizoa as súas propias raíces e acaba descubrindo o monstro que habita nel.



TEATRO GALILEO



Sempre q bailar

Teatro

Sempre quixen bailar un tango

TEATRO GALILEO

Venres 20 e sábado 21 de xaneiro ás 20.30 horas

Autoría: Teresa González Costas

Dirección: Pedro Rubín

Elenco: Fernando Morán, Isabel Blanco,
Ana Santos e Tanas

Escenografía: Rodrigo Roel

Espazo escénico: Marta Pazos

Iluminación: Eduardo Alonso



uixen un Tango

Esta é unha traxicomedia que non deixa indiferente a ningún pois reflexiona sobre as cousas que deixamos sen facer e sen aprender ao longo da nosa existencia.

Manuel nunca bailou un tango coa súa muller xa falecida. Susana, a filla, e Luís, o xenro, móvense ao redor del como dúas persoas superficiais e insensibles, preparados para o seu despegue social grazas a un suposto ascenso de posto de traballo de Luís. María, observa as escenas de xeito tranquilo e discreto sen facer demasiadas preguntas.

Por medio de catro actores a autora ofrécenos unha viaxe emocional polo medio do humor sobre as cousas valiosas da vida e o transcurso do tempo. Un texto intelixente e uns actores excepcionais que nos farán rir, chorar, emocionarnos...





TALIA TEATRO

Pelos na

Teatro

Pelos na lingua

TALÍA TEATRO

Sábado 28 de xaneiro ás 20.30 horas e domingo 29, ás 18.00 horas

Autoría: Avelino González, Séchu Sende,
María Ordóñez e Artur Trillo

Dirección: Avelino González

Elenco: María Ordóñez, Toño Casais e
Artur Trillo

Maquillaxe: Martina Cambeiro

Iluminación e deseño gráfico: Dani Trillo

Fotografía: Rubén Prieto

A compañía ceense presenta a segunda parte de *Bicos con lingua*, un espectáculo estruturado en sketches que fala dos usos e abusos que sofre a lingua galega.

Pelos na lingua vai destinado a todo o mundo (e non esaxeramos): aos galego falantes, aos que non o son, aos que queren selo pero non se atreven, aos que si queren selo e tomaron esa determinación, aos que non o falan porque non o saben falar ben, aos que lles dá igual que se fale ou non o galego, aos que pensan que o galego é a lingua que debería falar todo o mundo, aos que pensan que debería ser o inglés o idioma que falase todo o mundo, aos que pensan que a maioría dos galegos falan castelán, aos que pensan que a maioría dos galegos falan galego, a políticos, mestres, alumnos, actores, actrices, carpinteiros, todos e todas.

lingua





Volpone

Teatro

Volpone

TALÍA TEATRO

Venres 3 e sábado 4 de febreiro ás 20.30 horas

Autoría: Ben Jonson

Dirección e dramaturxia: Roberto Salgueiro

Elenco: Artur Trillo, Toño Casais, Dani Trillo,

Diego Rey, María Ordóñez, Marta Ríos,

David Creus, Gustavo G. Dieste, Rubén Prieto

Escenografía, vestuario e iluminación:

Roberto Salgueiro

Son: Dani Trillo

Maquillaxe: Martina Cambeiro

Realización do vestuario: Cloti Vaello



Esta divertida comedia retrata satiricamente a nobres e non tan nobres señores, que teñen como principal interese reunir fortunas sen importar o ridículo que teñan que facer nin o custo que outros teñan que pagar.

O señor Volpone é un nobre, dono de abundantes riquezas, que finxe estar no seu leito de morte co fin de enganar os que desexan herdar a súa fortuna, ofrecéndolles a través do seu criado, o astuto Mosca, ser os seus únicos herdeiros. Nesta comedia poderemos rirnos de nós mesmos ao ver unha historia que fala dun dos nosos peores defectos: a corrupción.

Volpone é un texto orixinal de Ben Jonson escrito no ano 1606, un dos textos clásicos máis representados na época que agora presenta Talía Teatro versionado e dirixido por Roberto Salgueiro e que será representado por un elenco de nove actores nunha proposta escenográfica e de vestuario moi fiel á orixinal.

TALÍA TEATRO



Conversa cunha m

Cine

Conversa cunha muller morta

Mércores 8 de febreiro ás 20.30 horas

Guión e dirección: Sonia Méndez

Elenco: Luís Zahera e Camila Bossa

Produtora: Oroboro Films. Coa axuda da Agadic

Xénero: Drama

Orixe: Galicia

Ano: 2011

Idioma V.O.: Galego

Cámara: Óscar Chamorro

Dirección artística: Isabel Tristán

Dirección de produción: Nati Juncal

Dirección de fotografía: Óscar Chamorro

Maquillaxe: María Illobre

Montaxe: Óscar Chamorro e Sonia Méndez

Xefatura de son: Iván Ogando



muller morta

Un home acaba de saír do cárcere. Unha muller volta de entre os mortos para ter unha conversa con el.



Usted está

Danza contemporánea

Usted está aquí

LICENCIADA SOTELO E COMPAÑÍA

Venres 10 e sábado 11 de febreiro ás 20.30 horas

Dirección e creación: Ana Vallés

Interpretación: Natxo Montero e Nuria Sotelo

Iluminación: Miguel Muñoz

Coreografía: Nuria Sotelo

Textos: Ana Vallés, Natxo Montero, Nuria Sotelo,
Beatriz Preciado (cita de Texto Yonki)

Selección musical: Ana Vallés e Rubén Vilanova

Escenografía e vestuario: Licenciada Sotelo e compañía

Asistente de dirección: Rubén Vilanova

LICENCIADA SOTI



aquí



*“Que é o que estou a ollar?
A sombra dunha muller, un pallaso de andar por casa,
figura andróxina, un borrón triste.
Alguén asubía un movemento en francés.
Os artistas do penso vitaminado póñense os tacóns
para unha visita guiada ao matadoiro.
Fan o paseillo e cortan dúas orellas,
a cabeza cae, pé torto, adiante, hop!
No medio da marcha fúnebre un consello publicitario.
Será o mesmo que ve vostede?”*

Ana Vallés

ELO E COMPAÑÍA

Paper Dolls

O silencio das damas



INV



Teatro

Paper Dolls. O silencio das damas

INVERSA TEATRO

Venres 17 e sábado 18 de febreiro ás 20.30 horas

Autoría e dirección: Lola Correa

Elenco: Vanesa Sotelo e Marta Pérez

Iluminación: Antón Ferreiro

Espazo sonoro: Juan Hernández

Escenografía e vestiario: Inversa Teatro

Fotografía: Adrián Figueroa e Carla Piñeiro

Deseño gráfico: María Rodríguez

A través da identificación e a procura de non personaxes atopamos a mentira oculta no cotián e a conciencia escondida, no aprendido e no aprehendido.

Paper Dolls é un conxunto de material visual que, a través dos pasos de dúas mulleres, inventa situacións, exterioriza pensamentos e xoga a desafiar ao tempo pasado recreándoo nun presente ambiguo.

Paper Dolls foxe de espidos corporais e de proxeccións que axuden a establecer a "aquó agora" con outros mundos. En *Paper Dolls* o papel é fráxil pero a pel, dura.

Paper Dolls recrea as paisaxes da vida de dúas mulleres calquera para levar ao espectador a reflexionar sobre o que foi e o que é o inabarcable universo feminino.

INVERSA TEATRO

VENDA DE ENTRADAS

Salón Teatro
Rúa Nova, 34
Santiago de Compostela

Billeteira: Tel. 981 58 49 78
(Dúas horas antes do espectáculo)

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro, que permanecerá aberto desde dúas horas antes do comezo. Ademais, poderán adquirirse por anticipado na billeteira electrónica da web

<http://www.entradas.novagaliciabanco.es> e no teléfono **902 43 44 43**.

O prezo das localidades é de 10 euros, con descontos do 40 por cento para estudantes, xubilados, usuarios do carné xoven, desempregados e determinados colectivos profesionais, e de 5 euros para as funcións do domingo, día do espectador.

Máis información en **www.centrodramatico.org**

